

# INFORME POLÍTICO E DE XESTIÓN DO CONSELLO NACIONAL

## XVIII ASEMBLEA NACIONAL DO BNG

### 1. UN BNG QUE SEGUE AVANZANDO E CONSOLIDÁNDOSE COMO ALTERNATIVA POLÍTICA

O período transcorrido desde a XVII Asemblea Nacional do BNG, realizada o 7 de novembro de 2021, estivo marcado por unha intensa actividade política, tanto a nivel interno como no plano social e electoral. O deterioro da situación socioeconómica da Galiza, provocado pola crise de prezos que se prolongou durante o ano 2022 e parte do 2023, con grande afectación negativa sobre as maiorías sociais do noso País, así como a loita contra a ofensiva de espolio colonial, marcaron boa parte da nosa acción política.

Do mesmo xeito, o calendario electoral, cun período marcado por catro procesos electorais entre maio de 2023 e xuño de 2024, (eleccións municipais en maio de 2023, eleccións xerais en xullo de 2023, eleccións galegas en febreiro de 2024 e eleccións europeas en xuño de 2024) condicionou a planificación do traballo político desenvolvido polo BNG.

Na anterior asemblea nacional celebramos a recuperación e fortalecemento do BNG, despois de superar numerosas dificultades e situacións ben adversas grazas ao compromiso colectivo e unha aposta coherente pola auto-organización nacional e a defensa dos dereitos da nación galega sen subordinacións nin tutelas externas.

A nosa organización continuou neste período nunha senda de avance e consolidación, tanto do punto de vista electoral como organizativo, contribuíndo á referencialidade política do nacionalismo galego. Un logro colectivo só posíbel grazas ao extraordinario contributo dunha militancia comprometida e entregada que, día a día, constrúe desde cada recuncho do País esta necesaria ferramenta para a liberación nacional da Galiza: a extraordinaria organización que é o Bloque Nacionalista Galego.

#### 1.1. Evolución electoral

**1.1.1. Municipais 2023:** O BNG conseguiu presentar un total de 265 candidaturas (conformadas por un total de 4.487 candidatas e candidatos) ao longo de todo o País, superando a cifra de candidaturas acadada no proceso electoral das municipais de 2019. O total de 249.078 votos, representando un 17.28% do electorado, acadado pola nosa organización supón un incremento en relación ao proceso anterior, ampliando o número de concelleiras e concelleiros do BNG nas diferentes corporacións municipais. O aumento no número de votos ao BNG en 54.713 máis que no 2019 (máis de catro puntos porcentuais) traducíuse nun total de 591 concelleiras e concelleiros do BNG, 135 máis en relación co proceso electoral anterior, pasando de 31 alcaldías a un total de 36, aumentando a representación en seis das sete cidades galegas e facendo parte dos gobernos das Deputacións da Coruña e Lugo. Porén, o retroceso experimentado nalgúns casos, mesmo coa perda de gobernos municipais, debe tamén facernos conscientes das nosas debilidades e da constatación da necesidade de corrixir as eivas detectadas ao

longo do territorio, poñendo o foco na importancia de atendermos a organización e o seu reforzamento. que cómpre atallarmos no curto prazo.

**1.1.2. Xerais 2024:** A convocatoria sorpresa destas eleccións, inmediatamente ao día seguinte das municipais, supuxo un un grande reto para a nosa organización, que deixou á vista as fortalezas do BNG mais tamén algunhas das feblezas existentes no seo da nosa organización que cómpre detectar e corrixir para seguirmos a avanzar. O BNG experimentou un incremento de voto no conxunto das circunscricións de Galiza, pasando do 8,09% do voto (120.456 votos) de 2019 ao 9,41% (153.995 votos), acadando un escano pola circunscrición da Coruña e ficando a pouco máis de 6.000 votos de acadarmos o segundo escano pola circunscrición de Pontevedra. Porén, malia a mellora de resultado obtida polo BNG, esta non foi suficiente para ampliarmos a nosa representación no Congreso.

**1.1.3. Galegas 2024:** O resultado obtido polo BNG neste proceso electoral, o máis alto da historia do BNG, foi extraordinario e histórico. A nosa organización obtivo un total de 470.692 votos , un 31,34% do voto, 7,56 puntos máis ca no 2020, traducidos en 25 deputadas e deputados. Malia non sermos quen de desprazar ao PP do goberno da Xunta de Galiza, sen dúbida este magnífico resultado contribuíu a afianzar ao BNG como a única alternativa fronte ao PP, así como no que ten a ver coa potencialidade de o nacionalismo galego para acadarmos o obxectivo da hexemonía na Galiza.

**1.1.4. Europeas 2024:** O BNG obtivo na Galiza 180.835 votos, o que representa un 16,06% do electorado, 4,26 puntos máis que nas eleccións europeas que tiveron lugar no 2019 (onde coincidiron con Eleccións Municipais) e 8,18 puntos máis que nas de 2014 (onde non coincidían con ningún outro proceso electoral) A nosa organización optou, após unha análise positiva da nosa participación na mesma, pola revalidación da coalición “Agora Repúblicas”, xunto con forzas soberanistas dos Países Catalans (ERC e Ara Més) e Euskal Herria (EH-Bildu). O resultado do BNG neste proceso foi o mellor nunhas Eleccións Europeas dos últimos 20 anos, e, dentro da coalición, fomos a forza con mellor evolución con respecto ás eleccións de hai cinco anos.

A boa evolución electoral do BNG sitúanos nunha mellor posición para seguir na tarefa de disputar a hexemonía político-social ao PP. Estes resultados constatan, novamente, que as decisións que colectivamente tomamos no pasado e en circunstancias ben adversas foron as correctas: a aposta por manter unha forza política propia, non supeditada a ningunha outra de obediencia española; a defensa firme do principio de autoorganización do pobo galego e, en definitiva, a de confiarmos nas nosas propias forzas, con coherencia, empeño e determinación.

Este e é, por tanto, un logro colectivo, produto do traballo inxente da organización, conseguindo espallar a idea de que só o BNG defende os intereses de Galiza, facendo unha boa elección nos perfís das candidaturas, así como o traballo político desenvolvido, trasladando unha imaxe de fortaleza e unidade.

## **2. IMPULSO Á MOBILIZACIÓN SOCIAL. UN POBO QUE NON SE RESIGNA.**

Este período interasamblear estivo marcado por unha intensificación do agravamento das condicións de vida das maiorías sociais da nosa nación, coa dinámica xerada pola saída da pandemia da COVID-19, unha grave crise de prezos que golpeou con forza a Galiza e

polo recruamento da ofensiva de espolio colonial que o noso País xa historicamente vén padecendo. Na actualidade tradúcese en forma de saqueo dos nosos recursos e graves agresións ambientais, con proxectos eólicos en terra e tamén no mar. Algúns exemplos disto son a macrocelulosa de Altri-Greenfiber na Ulloa, a nova ameaza da reapertura da Mina Touro-O Pino, as prospeccións mineiras proxectadas nas chamadas “terras raras” por diversas partes da xeografía galega, ou a mina de San Finx, que, consecuencia da presión política do nacionalismo e presión social (sector marisqueiro, ecoloxismo) obtivo recentemente a revogación da autorización de verteduras da mina despois de anos de contaminación e incumprimentos por parte da empresa.

Unha realidade que amosa o devastador efecto das políticas da Xunta de Galiza, do Goberno español e da Unión Europea na nosa terra. Fronte a isto, o BNG reaxiu, acompañando, impulsando e organizando a resposta social.

O contexto inmediato após a XVII Asemblea Nacional aínda estivo marcado durante un tempo condicionado pola evolución da chamada “sexta onda” da pandemia da COVID-19, superándose picos de contaxio das cinco ondas anteriores e supoñendo un terríbel saldo de falecementos no noso país. Esta situación constatou a realidade dunha sanidade pública galega ao bordo do precipicio, deixando en evidencia moi especialmente unha atención primaria colapsada e moi deteriorada que arrastra as consecuencias de anos de recortes orzamentarios. Esta situación, lonxe de mellorar co fin da pandemia, empeorou a pasos axigantados. Neste sentido, durante este período a nosa organización puxo de relevo a situación de agravamento do deterioro da sanidade pública tanto a través de campañas propias como co traballo desenvolvido pola nosa organización no seo da Plataforma SOS Sanidade Pública, así como doutras plataformas de carácter local e/ou comarcal, apostando pola resposta social e mobilizadora fronte á política de destrución do sistema sanitario público galego que o PP desenvolve.

Do mesmo xeito, o BNG estivo presente denunciando a crítica situación económica e social provocada pola carestía da vida, cunha escalada de suba de prezos que se intensificou durante os anos 2022 e parte do 2023, golpeando ás clases populares no noso País e incidindo no proceso de empobrecemento social xeralizado. A nosa organización axiu lanzando unha campaña centrada en denunciar esta situación e dar a coñecer as propostas alternativas do BNG para atallala, ao tempo que impulsou a mobilización e a contestación social, convocando directamente como BNG dúas manifestacións nacionais, denunciando as políticas antisociais dos gobernos e visualizando o papel do nacionalismo galego como alternativa non só nas institucións se non tamén a pé de rúa coas clases populares galegas nese crítico momento.

Participamos nas mobilizacións e apoiamos as xustas reivindicacións do sector do mar fronte ao decreto da Unión Europea que prohibiu a pesca de fondo nun importante número de caladorios do Océano Atlántico así como fronte á destrución do sector pesqueiro galego que supón a eólica mariña.

A este mesmo criterio, facer fronte á depredación do territorio galego e ao roubo dos nosos recursos, responderon as mobilizacións promovidas pola Coordinadora “Eólica así non”, nas que o BNG se implicou e impulsou. Desde o BNG rexeitamos desde o primeiro momento este espolio eólico, por terra e por mar, que só favorece ao grande oligopolio

enerxético e é unha parte máis do rol colonial que, tanto goberno da Xunta de Galiza como do Estado español, pretenden perpetuar na Galiza.

A loita contra a macrocelulosa que a filial Greenfiber (formada por Greenalia e a empresa portuguesa Altri) pretende instalar - co apoio do PP e a inxección de máis de 250 millóns de diñeiro público - no río Ulla, centrou unha importante parte dos esforzos da nosa organización durante este período. Así, decorreron multitudinarias manifestacións en Palas de Rei e en Santiago de Compostela, unha resposta social clamorosa e contundente ante esta nova agresión á nosa terra. Non se trata só dun proxecto con graves consecuencias sociais, económicas ou ambientais para unha parte do territorio da nosa nación: é un problema colonial. É, máis unha vez, unha nova constatación da concepción que o PP ten á hora de entender Galiza unicamente como espazo físico ao servizo da obtención de beneficios por parte de determinados grupos empresariais. O PP non escatima esforzos en entregar o territorio galego para que outros fagan negocio da depredación de Galiza.

Asemade, neste período déuselle respaldo político as problemáticas xurdidas nos sectores agrogandeiros e no ámbito rural (o seu desmantelamento como sectores produtivos, a aposta pola eucaliptización, a incidencia da EHE e da lingua azul, a crise da vendima 2024 en Ribeira Sacra, a crise de prezos no vacún de carne, o abandono do apoio da PAC as producións en ecolóxico, e a pésima xestión da presenza da “vespa velutina”), así como denunciando a política sectaria seguida polo PP á fronte da Xunta de Galiza, no que ten a ver coa interlocución cos sectores neste período de reorganización das súas estruturas de representación a diferentes niveis.

A nosa organización acompañou a conflitividade no ensino público, con importantes mobilizacións do profesorado en defensa dos seus dereitos laborais e da calidade no ensino, promovidas pola CIG Ensino, así como nas folgas promovidas pola organización estudantil nacionalista Erguer. Neste sentido, saudamos o traballo desenvolvido polo profesorado e o estudantado galego que, fronte á ofensiva privatizadora no ensino público e as trabas e presións, reaxe organizándose en chave galega e combativa.

Rexeitamos que o Borbón se pasee polo noso País após a súa fuxida por corrupto do Estado español. Baixo a palabra de orde “Galiza non ten rei”, repudiamos contundentemente todo o que representa a monarquía española e a corrupción institucionalizada na xefatura do Estado.

Congratulámonos do arquivo definitivo das denuncias formuladas pola familia Franco e a Fundación Nacional Francisco Franco contra 19 militantes do BNG que participaron nunha acción simbólica no Pazo de Meirás en agosto de 2017. A absolución das e dos “19 de Meirás” e a devolución para o público do Pazo é, sen dúbida, unha vitoria que debemos celebrar mais sen perder de vista todo o que no terreo da memoria histórica queda aínda por facer: a eliminación de toda a simboloxía franquista, a devolución da Casa Cornide ou das estatuas do Pórtico da Gloria, entre outras. Neste sentido, a nova derrota xudicial da familia Franco este mes de novembro de 2024, que devolve ao público os bens do pazo de Meirás, supón un novo precedente que referenda a necesidade de recuperación do patrimonio roubado ao pobo galego.

A reivindicación dos dereitos das mulleres foi tamén unha constante neste período, tanto pola vía de campañas propias impulsadas polo BNG en torno ás datas do 25 de novembro e 8 de marzo, como pola vía da nosa participación e impulso á autoorganización do movemento feminista galego. Tivemos que lamentar neste período máis casos de feminicidio, un total de 7 mulleres asasinadas polo terrorismo machista na Galiza durante estes anos, saíndo ás rúas para denuncialos e reclamar máis medidas e recursos fronte a esta lacra social. O nacionalismo galego acompañou ao movemento feminista galego impulsando a resposta social e a mobilización.

Tamén durante este período inter-assembly, o BNG reforzou o seu compromiso co colectivo LGBT, traballando activamente en iniciativas para garantir os seus dereitos e combater a discriminación. Durante este período, ademais de apoiarmos activamente a mobilización social, impulsamos a nivel institucional propostas políticas defendendo o recoñecemento pleno das diversas identidades de xénero e orientacións sexuais.

Diante do debate aberto no Estado a respecto do sistema de financiamento, o BNG ten en marcha, no momento da redacción deste informe, unha campaña social de explicación do modelo que defendemos desde a nosa organización: o concerto económico. Racharmos co mito de que Galiza é unha nación subsidiada e explicar socialmente que dotármonos de capacidade para legislar en política fiscal e realizar a recadación de impostos no noso País é posíbel e é vital para garantirmos un futuro digno para o noso pobo. Parello a isto, reclamarmos un novo status político para a nación galega, co cuestionamento do modelo autonómico e a reclamación de soberanía para Galiza, é tamén unha premisa fundamental. Aproveitamos, por tanto, o debate político e social aberto para exemplificarmos e facer pedagogía a respecto de como a consecución dun novo marco xurídico-político para Galiza, é unha necesidade urxente para o noso País avanzar e non seguir esmorecendo.

Máis autocriticamente debemos recoñecer que a reivindicación de normalización de usos para a nosa lingua propia non contou pola nosa parte co necesario tensionamento e atención continuada que merece, cuestión que xa na pasada asemblea nacional avaliabamos. Os datos feitos públicos polo IGE recentemente, onde o uso de galego cae a mínimos históricos, amosan que estamos ante unha situación de emerxencia lingüística extrema. Con todo, non debemos caer no derrotismo. Reverter esta situación é posíbel, mais fai falla acción social e compromiso político.

Mantivemos tamén vivas datas emblemáticas para o nacionalismo galego: desde o 17 de agosto (Día da Galiza Mártir) pasando pola conmemoración do plebiscito do Estatuto de autonomía de 1936, até o Día de Rosalía, a homenaxe anual ás Mártires de Nebra (12 de outubro), a Homenaxe nacional a Castelao en Rianxo, o aniversario da I Asemblea Nacionalista de Lugo ou o Centenario do nacemento de Antolín Faraldo (setembro de 2022) Así mesmo, impulsamos tamén accións como a ocupación simbólica da Illa da Creba (Esteiro, Muros), reclamando a súa devolución para o pobo (xullo de 2022) e participamos activamente dos actos de conmemoración do 20 aniversario do afundimento do Prestige.

Mención específica merecen o Día da Patria e o Festigal, unha grande xornada de mobilización e unha aposta política onde amosamos a forza do nacionalismo galego e que cada ano superan as expectativas.



O BNG apoiou e celebrou as iniciativas desenvolvidas pola Plataforma social Vía Galega, desde o impulso á manifestación en defensa do dereito de autodeterminación para Galiza realizada en abril do 2022 baixo o lema “Somos unha nación”, pasando pola ILP para a restauración do himno galego, até a campaña posta en marcha para a popularización da bandeira galega, entre outras. Accións todas elas que, sen dúbida, contribúen para unha maior autoestima colectiva, imprescindible para avanzarmos na ampliación da conciencia nacional.

Por último, é de xustiza reseñar a importancia que para o movemento nacionalista galego ten contarnos cunha central sindical referencial no conxunto da clase traballadora galega, a CIG, que, máis unha vez, nas eleccións sindicais que tiveron lugar a comezos deste ano 2024 volveu situarse indiscutibelmente como primeira forza sindical no noso País. Así mesmo, saudamos e recoñecemos o esforzo desenvolvido para o nacemento e mantemento dun xornal en galego de base popular como é o Nós Diario. Superar neste período os máis de 1.000 números editados, é algo que, sen dúbida, debe ser un motivo de satisfacción e orgullo colectivo, e debe facernos renovar o noso compromiso con este proxecto necesario no noso País.

### **3. TRABALLO DESENVOLVIDO POLO BNG NO ÁMBITO INTERNO**

No momento da redacción deste informe, no ámbito orgánico nacional neste período realizándose un total de 21 reunións do Consello Nacional e 114 da Executiva Nacional, mantendo unha dinámica normalizada de funcionamento. No que atinxe ao ámbito comarcal e local, constátanse desigualdades no territorio, na maior parte dos casos localizadas naquelas áreas en que nos atopamos en situación de maior debilidade organizativa. Neste sentido, a necesidade de mellora no funcionamento político e afortalamento dalgunhas comarcas onde arrastramos evidentes feblezas, debe ser un obxectivo que non podemos secundarizar.

A nosa organización experimentou neste período inter-assembly unha entrada constante de nova militancia, así debemos saudar ás 1230 compañeiras e compañeiros que, desde novembro de 2021 até o momento da redacción deste informe (outubro de 2024) teñen entrado a facer parte do corpo organizado do BNG.

Con todo, non podemos deixar de reseñar, tamén autocriticamente, o problema colectivo que arrastramos a respecto das dificultades para conseguir implicar activamente no traballo político e social do día a día da nosa organización a todo o importante continxente militante co que o BNG conta. Esta é unha problemática que os órganos de dirección nacionais teñen abordado en diferentes ocasións, mais na que se continúan a evidenciar dificultades. Do mesmo xeito, no que atinxe ao funcionamento dos grupos de traballo nacionais, dependentes do Consello Nacional, debemos recoñecer o seu funcionamento desigual, cunha dinámica de reunións inconstante nunha boa parte deles e mesmo inexistente nalgún caso concreto.

Do punto de vista financeiro debemos congratularnos pola definitiva superación neste período da importante débeda bancaria procedente de etapas anteriores que o BNG arrastrou durante moitos anos, e que foi superada con empeño, determinación e compromiso colectivo. Debe ficar como exemplo da suma responsabilidade que o

conxunto da organización do BNG ten que ter con todo o que atinxe ás cuestións financeiras da fronte patriótica, procurando sempre o non endebedamento e o autofinanciamento, sen dependencias externas, para, así, seguir a salvagardar o presente e futuro deste proxecto colectivo que representa o BNG.

No ámbito da formación, organizáronse xornadas técnicas dirixidas á responsábeis orgánicos e persoal ao servizo da organización. Déuselle tamén impulso á Escola de formación do BNG, coa súa primeira edición en novembro de 2023 e coa Xornada de formación sobre financiamento que decorreu a comezos do mes de outubro de 2024.

Neste período inter-asemblar celebramos o 40 aniversario do BNG desenvolvendo, ao longo do ano 2022, en colaboración coa Fundación Galiza Sempre, unha campaña de conmemoración deste efeméride que tivo como central o multitudinario acto que tivo lugar no Frontón de Riazor, e que se estendeu ao longo de todo o País con actos en todas as comarcas.

En relación coa Fundación Galiza Sempre, debemos reseñar o importante impulso experimentado na mesma, exemplificado na consolidación de diferentes traballos de investigación, plasmados en publicacións ou palestras, como o ciclo Diálogos desde a Periferia, achegando realidades doutras latitudes a Galiza, a colección de cadernos Ideas impresas ou a colección de Grandes efemérides da Galiza. Sen dúbida un contributo imprescindible para o coñecemento da nosa historia propia e para aprofundarmos na análise do contexto político galego e internacional.

#### **4. SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL**

Diante da escalada belicista que marcou os últimos anos no contexto mundial, o BNG actuou en coherencia coa práctica internacionalista e anti-imperialista que temos definida nos nosos principios políticos e ideolóxicos. Denunciamos a submisión da Unión Europea aos ditados expansionistas dos Estados Unidos e da OTAN así como a obediencia cega do Goberno español ante esa estratexia imperial.

Na guerra desatada na Ucraína, o BNG situouse sempre na aposta decidida pola paz, rexeitando a escalada armamentística e chamando ao cesar fogo e a abrir a vía do diálogo e a diplomacia. En coherencia co principio do anti-imperialismo que a nosa organización defende, o BNG desmarcouse en todo momento de facerlle o xogo aos intereses xeo-estratéxicos dos EUA e a OTAN a sabendas de que seríamos albo de ataques interesados, nos que PP e PSOE foron da man.

É precisamente nese contexto, de máxima presión política e mediática, onde cobra maior importancia a defensa da coherencia na posición política do BNG, que aínda condenando a invasión rusa sobre a Ucraína, non asumimos acriticamente a doutrina belicista e interesada da OTAN e dos Estados Unidos, e no seu correlato subordinado, da UE e do Estado español. Así, as posicións e os xestos políticos mantidos polo BNG no Parlamento da Galiza e no Congreso, malia á estratexia de manipulación e difamación que recibiron, significáronse como posturas acertadas, coherentes e non submisas ao "pensamento único".

Neste ámbito, a nosa organización participou neste período na constitución da Plataforma galega contra a OTAN. Este colectivo, baixo o lema “Contra o imperialismo, pola paz e a soberanía dos pobos” desenvolveu unha axenda galega, denunciando o papel desa institución imperialista e militarista, coincidindo coa súa cimeira en Madrid en xuño de 2022. Entre outras actividades, participamos da contracimeira que decorreu no noso País. A dramática situación na Palestina, co xenocidio que o estado terrorista de Israel está a perpetrar contando, máis unha vez, co apoio activo dos EUA e a UE, foi tamén respostada con solidariedade por parte do nacionalismo galego. Neste sentido, saudamos a resposta social dada polo noso pobo, con centos de concentracións e accións impulsadas ao longo de todo o País e diversas mobilizacións nacionais convocadas pola Coordinadora galega en solidariedade coa Palestina.

Desde o BNG reiteramos, máis unha vez, a nosa defensa da soberanía dos pobos e apostamos pola resolución dos conflitos e crises internas sen inxerencias alleas e sempre pola vía de medios pacíficos e dialogados, mantendo tamén o facho aberto do apoio á liberdade para o pobo saharauí, Venezuela, Cuba, entre outros.

No ámbito peninsular, continuamos as relacións cos movementos nacionalistas vasco e catalán así como co pobo irmán de Portugal.

## **5. CONCLUSIÓN**

Até aquí un resumo do intenso traballo desenvolvido desde novembro de 2021 até o 2024. Con grandes logros e importantes avances, desde logo, mais tamén coa vista posta en todas as cuestións que debemos corrixir e mellorar para seguir mantendo unha organización viva e activa. Con humildade e autocrítica, mais tamén con coherencia e co orgullo colectivo de sermos nacionalistas galegas e galegos.

Polo camiño nestes anos, moitas compañeiras e compañeiros que se incorporaron por primeira vez ao BNG. Benvidas todas e todos, temos que ser máis para seguir sendo mellores.

Mais tamén algunhas outras das que, por desgraza, tivemos que despedirnos. O seu legado, exemplo e compromiso militante permanecerán sempre connosco. Simbolizamos a súa lembranza na figura de Saleta Goi, patriota militante que participou en todo o proceso de reorganización do nacionalismo galego desde comezos dos anos sesenta e foi unha militante incansábel até a súa morte, en setembro do 2022. O noso recoñecemento póstumo e a nosa homenaxe a todas e todos os militantes falecidos neste período, que seguirán sempre inspirándonos nesta loita cara a consecución dunha Galiza ceibe e popular.